

superior a seis meses a partir da publicación desta norma no «Boletín Oficial del Estado», o regulamento de funcionamento do Rexistro administrativo de empresas de inserción, que incluíra as normas de coordinación e intercambio de información rexistral e estatística cos rexistros competentes das comunidades autónomas.

Disposición derradeira quinta. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado, atribuída polo artigo 149.1. 7.^a da Constitución, en materia de lexislación laboral, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla en materia de asistencia social.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

21493 LEI 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural. («BOE» 299, do 14-12-2007.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A importancia actual do medio rural en España, que integra o 20 por cento da poboación, que se elevaría ata o 35 por cento se se inclúen as zonas periurbanas e afecta o 90 por cento do territorio, e o feito de que neste inmenso territorio rural se encontran a totalidade dos nosos recursos naturais e unha parte significativa do noso patrimonio cultural, así como as novas tendencias observadas na localización da actividade económica e residencial, confíren a este medio unha relevancia maior da concedida na nosa historia recente.

O intenso desenvolvemento económico acontecido no noso país durante as últimas décadas, que deu lugar a un salto moi significativo nos niveis de renda e benestar dos cidadáns, concentrouse, ao igual que aconteceu nos países da nosa contorna, no medio máis urbano e, en menor medida, nas zonas máis rurais. Este fenómeno, característico do desenvolvemento económico moderno, maniféstase na persistencia dun atraso económico e social relativo no medio rural, debido a causas económicas, sociais e políticas que son evitables.

A maioría dos países máis desenvolvidos do mundo posúen políticas específicas de desenvolvemento rural para mellorar a situación das súas zonas rurais. Así aconteceu nos principais países europeos, e na propia Unión

Europea, onde as medidas de política rural viñeron constituíndo unha parte significativa da política de cohesión e da política agraria común.

España cubriu a ausencia dunha política rural propia ata o presente coa aplicación de regulamentos comunitarios, pero necesita dotarse dunha lexislación axeitada para o fomento do desenvolvemento do seu medio rural, xa que na nova Europa do século XXI a política rural tende a depender subsidiariamente dos Estados membros.

A definición desta política rural debe ter como referente as políticas comúns europeas e as orientacións comunitarias, como a Estratexia de Lisboa de 2000 en relación co emprego e a competitividade ou a Declaración de Gotemburgo de 2001 en relación co logro dun desenvolvemento sustentable. Pero, ao mesmo tempo, é necesario establecer unha política rural propia, plenamente adaptada ás nosas condicións económicas, sociais e ambientais particulares.

Toda política rural debe buscar o logro dunha maior integración territorial das zonas rurais, facilitando unha relación de complementariedade entre o medio rural e o urbano e fomentando no medio rural un desenvolvemento sustentable. Esta iniciativa debe partir do Estado, concertarse coas comunidades autónomas e as entidades locais, respectando o marco competencial, e promover a participación do sector privado.

Polo que se refire ao seu alcance, trátase dunha lei que comprende todo tipo de accións e medidas de desenvolvemento rural sustentable, tanto de orixe nacional como comunitaria, aplicadas pola Administración xeral do Estado e concertadamente coas demais administracións públicas, segundo as súas respectivas competencias.

Así mesmo, o alcance deste conxunto de accións e medidas é relevante, pretende levar a cabo un impulso de desenvolvemento nas zonas rurais e, prioritariamente, nas que padecen un grao maior de atraso relativo, calquera que sexa a súa localización dentro do Estado. Esta é unha lei que define unha acción política de primeira orde polo volume de poboación potencialmente beneficiaria, pola amplitude do territorio de actuación afectado e pola cantidade de recursos financeiros públicos e privados que se verán comprometidos.

En canto ao seu contido, a lei persegue a mellora da situación socioeconómica da poboación das zonas rurais e o acceso a uns servizos públicos suficientes e de calidade. En particular, concédeselles unha atención preferente ás mulleres e aos mozos, dos cales depende en boa medida o futuro do medio rural.

É unha lei de orientación territorial, o que implica que será aplicada tomando en consideración criterios e directrices de ordenación territorial. Singularmente, a lei ten en conta zonas rurais diferenciadas segundo unha tipoloxía establecida, define zonas rurais prioritarias e prevé o establecemento dun plan por zona rural.

As accións e medidas previstas na lei son multisectoriais e ambientais. Coherentemente, reflicten a nova realidade dun medio rural economicamente cada vez máis diversificado e ao cal se lle recoñece unha importante multifuncionalidade para a sociedade no seu conxunto.

Por último, a aplicación desta lei require un elevado grao de gobernanza. Para iso establécense instrumentos de programación e colaboración entre administracións, principalmente un programa de desenvolvemento rural sustentable plurianual, e promóvese e incentívase a participación do sector privado no proceso de desenvolvemento rural sustentable.

II

A lei consta de 40 artigos distribuídos en catro títulos e nove disposicións complementarias.

O título preliminar recolle o obxecto da lei, os seus obxectivos xerais e específicos e diversas definicións.

O obxecto básico da lei é regular e establecer medidas para favorecer o logro dun desenvolvemento sustentable do medio rural, mediante a acción da Administración xeral do Estado e a concertada coas demais administracións públicas. Os seus obxectivos xerais son simultaneamente económicos, sociais e ambientais.

Os obxectivos específicos orientan o contido da lei, definindo as medidas xerais posibles para perseguir un desenvolvemento rural sustentable. Estas medidas cobren unha gran variedade de obxectivos, desde os orientados á diversificación da actividade económica e á mellora de infraestruturas e equipamentos públicos, aos de prestación de servizos sociais básicos e ao logro dunha calidade ambiental no medio rural.

O título I, Programación para o desenvolvemento rural sustentable, constitúe o contido fundamental da lei. No seu capítulo I configúrase o Programa de desenvolvemento rural sustentable. O programa é o instrumento principal para a aplicación da lei, pois nel concretáranse as medidas de política rural, os procedementos e os medios para levalas a cabo.

O capítulo II define o ámbito territorial de aplicación. Amósase unha dimensión actual da ruralidade, que integra os núcleos urbanos como elementos dinámicos e funcionais necesarios para o desenvolvemento rural, e establece unha tipoloxía de zonas que reconece a diversidade rural existente e a necesidade dunha atención diferenciada.

Así mesmo, a adopción do principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e a atención social prioritaria a diversos grupos de poboación responde á consideración de fomentar un desenvolvemento rural socialmente xusto e viable, singularmente polo que se refire á presenza das mulleres e dos mozos.

O capítulo III establece criterios de cooperación entre administracións públicas. Esta cooperación vai condicionar a axeitada aplicación da lei, para o cal os convenios de colaboración constitúen un instrumento básico. Con este mesmo fin prevese a adopción de directrices estratéxicas territoriais de ordenación rural e de plans por zona rural.

No capítulo IV fíxanse os instrumentos para o seguimento e avaliación do programa, tanto de carácter interno e contando coa participación das comunidades autónomas, como externo, mediante a remisión dun informe periódico ao Senado.

O capítulo V determina as accións xerais da Administración xeral do Estado para o desenvolvemento rural sustentable. Nel recóllese accións para promover unha agricultura suficiente e compatible cun desenvolvemento rural sustentable, prestándolles unha atención preferente aos profesionais da agricultura e prioritaria aos titulares de explotacións territoriais, e prevese o establecemento dunha axeitada planificación ambiental, singularmente para protexer as zonas rurais de maior valor ambiental.

O capítulo VI contén as medidas de desenvolvemento rural que concertará a Administración xeral do Estado coas demais administracións públicas. A definición destas medidas de desenvolvemento rural serve de base para orientar o contido do programa.

Estas medidas agrúpanse por tipos de materias. En primeiro lugar, tómanse en consideración as medidas de fomento da diversificación económica. Pártese de fomentar a consolidación do sector agroalimentario e de potenciar a seguranza alimentaria, xunto co apoio á actividade económica vinculada á industria, ao comercio, ao turismo e a outros servizos, e a necesidade de xerar novos tipos de actividades locais.

As medidas de creación e mantemento do emprego prevén actuacións públicas de apoio e formación, especialmente para as mulleres e os mozos e nas zonas rurais prioritarias. Do mesmo modo, as medidas de infraestrutu-

ras, equipamentos e servizos básicos pretenden mellorar o transporte público, asegurar o abastecemento enerxético, implantar o tratamento de residuos e apoiar a dotación de servizos públicos municipais.

Unha atención especial merecen as medidas a favor de promover a produción e o uso de enerxías renovables, e a súa relación coa adaptación de actividades e usos para os efectos do cambio climático. Así mesmo, concédelles unha importancia singular ás medidas para o fomento da eficiencia, o aforro e o bo uso da auga, singularmente polo que se refire á modernización de regadíos.

As medidas para potenciar a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, completando e mellorando a cobertura das telecomunicacións en todo o medio rural, pretenden favorecer a actividade económica e a mellora dos servizos. Do mesmo modo, prevese reforzar as medidas para incrementar a seguranza cidadá nas áreas rurais, e en particular as que teñen por obxecto protexer a conservación do medio natural.

As medidas relativas ao acceso da poboación rural a uns servizos públicos básicos de calidade teñen en conta a educación e a cultura, a través da atención específica a unha gran variedade de aspectos en relación cos alumnos e os centros, pero tamén co mantemento duns equipamentos e unha oferta cultural suficientes. De modo complementario, as medidas sanitarias requiren unha adaptación do sistema público de saúde ás necesidades do medio rural, completando as infraestruturas sanitarias, mantendo e mellorando os equipamentos e garantindo o acceso a unha atención sanitaria especializada de calidade en todo tipo de zonas rurais.

Prevese medidas para propiciar que os empregados públicos, preferentemente os docentes e sanitarios, se establezcan no medio rural. Pola súa vez, as medidas de protección social promoven a posta en marcha do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, perseguen a integración social dos inmigrantes e apoian a mellora dos programas sociais no medio rural.

Por último, as medidas diríxense a facer compatible o desenvolvemento urbanístico co mantemento do medio rural, a facilitar o acceso á vivenda, especialmente dos mozos, e a favorecer a recuperación do patrimonio arquitectónico rural.

O título II, financiamento das medidas para o desenvolvemento rural sustentable, considera os criterios xerais para a asignación do gasto derivado do programa entre as administracións públicas. En particular, destaca o posible cofinanciamento por parte do Estado das medidas que sexan concertadas coas demais administracións públicas, así como a creación dun programa orzamentario único nos orzamentos xerais do Estado que identifique a súa achega total ao financiamento do programa.

Finalmente, o título III, disposicións organizativas, establece varios instrumentos necesarios para a aplicación da lei. Do bo funcionamento destes instrumentos, e moi especialmente do Consello para o Medio Rural, o organismo de coordinación e cooperación entre as administracións públicas, dependerá a correcta aplicación da lei.

III

A lei pretende contribuír a que os cidadáns que habitan en municipios rurais poidan dar un novo salto cualitativo no seu nivel de desenvolvemento, e a que o inmenso territorio rural e unha boa parte da poboación do país poidan obter as melloras suficientes e duradeiras que necesitan. Todo iso nun novo contexto histórico, influído por unha realidade postindustrial e globalizada, que xera novos riscos pero tamén novos retos e oportunidades para o medio rural.

Esta é unha lei de fomento dun desenvolvemento sustentable do medio rural, que persegue promover accións públicas e incentivar iniciativas privadas de desenvolvemento.

mento rural para o logro simultáneo de obxectivos económicos, sociais e ambientais. O futuro do medio rural necesita un modelo de desenvolvemento sustentable.

Trátase, así mesmo, dunha lei cuxa aplicación require a colaboración de todas as administracións públicas. As bases en que se fundamenta a construción do noso Estado autonómico serven de referencia para a definición das medidas e os instrumentos de política rural, para que sexan aplicados co máximo nivel de eficacia e de eficiencia.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto regular e establecer medidas para favorecer o desenvolvemento sustentable do medio rural xa que supoñen condicións básicas que garanten a igualdade de todos os cidadáns no exercicio de determinados dereitos constitucionais e teñen o carácter de bases da ordenación xeral da actividade económica no dito medio.

2. Esta lei, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas nos seus respectivos estatutos de autonomía, determina obxectivos para as políticas de desenvolvemento rural sustentable das administracións públicas, regula o marco normativo da acción da Administración xeral do Estado no ámbito das súas competencias e establece os criterios e instrumentos de colaboración co resto das administracións públicas, nas materias relacionadas co desenvolvemento sustentable do medio rural, co fin de alcanzar unha acción pública coordinada e complementaria neste ámbito que mellore a cohesión económica e social entre os diversos territorios, así como a protección e o uso sustentable dos ecosistemas e recursos naturais.

Artigo 2. *Obxectivos.*

1. Son obxectivos xerais desta lei:

a) Manter e ampliar a base económica do medio rural mediante a preservación de actividades competitivas e multifuncionais, e a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades compatibles cun desenvolvemento sustentable.

b) Manter e mellorar o nivel de poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos axeitados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non-discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión.

c) Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible cun desenvolvemento sustentable.

2. En particular, as políticas de desenvolvemento rural sustentable das administracións públicas que deriven desta lei deberanse orientar á consecución dos obxectivos seguintes:

a) Fomentar unha actividade económica continuada e diversificada no medio rural, mantendo un sector agrícola, gandeiro, forestal e derivado da pesca e impulsando a creación e o mantemento do emprego e da renda noutros sectores, preferentemente nas zonas rurais consideradas prioritarias.

b) Dotar o medio rural, e en particular os seus núcleos de poboación, das infraestruturas e dos equipamentos públicos básicos necesarios, en especial en materia de transportes, enerxía, auga e telecomunicacións.

c) Potenciar a prestación duns servizos públicos básicos de calidade, adecuados ás características específicas do medio rural, en particular nos ámbitos da educación, a sanidade e a seguranza cidadá.

d) Ter en consideración as necesidades particulares dos cidadáns do medio rural na definición e aplicación das políticas e medidas de protección social, adecuando os programas de atención social co fin de garantir a súa efectividade no dito medio.

e) Lograr un alto nivel de calidade ambiental no medio rural, previndo a deterioración do patrimonio natural, da paisaxe e da biodiversidade, ou facilitando a súa recuperación, mediante a ordenación integrada do uso do territorio para diferentes actividades, a mellora da planificación e da xestión dos recursos naturais e a redución da contaminación nas zonas rurais.

f) Facilitar o acceso á vivenda no medio rural e favorecer unha ordenación territorial e un urbanismo adaptados ás súas condicións específicas, que garanta as condicións básicas de accesibilidade, que atendan á conservación e rehabilitación do patrimonio construído, persigan un desenvolvemento sustentable e respecten o ambiente.

g) Fomentar a participación pública na elaboración, implementación e seguimento dos programas de desenvolvemento rural sustentable a través de políticas de concienciación, capacitación, participación e acceso á información.

h) Garantir o dereito a que os servizos no medio rural sexan accesibles ás persoas con discapacidade e as persoas maiores.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Medio rural: o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes por km².

b) Zona rural: ámbito de aplicación das medidas derivadas do Programa de desenvolvemento rural sustentable regulado por esta lei, de amplitude comarcal ou subprovincial, delimitado e cualificado pola comunidade autónoma competente.

c) Municipio rural de pequeno tamaño: o que posúa unha poboación residente inferior aos 5.000 habitantes e estea integrado no medio rural.

TÍTULO I

Programación para o desenvolvemento rural sustentable

Artigo 4. *Disposición xeral.*

1. A programación da acción das administracións públicas en relación co medio rural perseguirá a súa adecuación ao principio de desenvolvemento sustentable, de acordo cos obxectivos sinalados no artigo 2 desta lei, e articulará as formas de colaboración interadministrativa neste ámbito.

2. O Consello para o Medio Rural poderá elaborar criterios comúns para a colaboración entre as administracións públicas nas súas programacións, e en especial para a aplicación do Programa de desenvolvemento rural sustentable a que se refire esta lei.

CAPÍTULO I

Do Programa de desenvolvemento rural sustentable**Artigo 5. Programa de desenvolvemento rural sustentable.**

1. O Programa de desenvolvemento rural sustentable configúrase como o instrumento principal para a planificación da acción da Administración xeral do Estado en relación co medio rural, elaborarse en coordinación coas comunidades autónomas e de acordo coas previsións establecidas nesta lei, e concretará os obxectivos e plans e actuacións sectoriais que desenvolverá a dita Administración e os que sexan concertados coas administracións das comunidades autónomas.

2. O programa, con carácter previo á súa aprobación, será sometido a informe do Consello para o Medio Rural e da Mesa de Asociacións de Desenvolvemento Rural.

3. O Programa de desenvolvemento rural sustentable será aprobado polo Goberno, mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, e terá carácter pluri-anual.

4. O Goberno poderá acordar modificacións no programa, logo de informe de Consello para o Medio Rural e de Mesa de Asociacións de Desenvolvemento Rural.

5. A execución do Programa de desenvolvemento rural sustentable levarana a cabo as administracións competentes.

Artigo 6. Determinacións do programa.

Para cada unha das medidas recollidas no Programa de desenvolvemento rural sustentable deberanse determinar, en todo caso, os seguintes extremos:

a) Os obxectivos que se pretendan conseguir de entre os establecidos nesta lei, e os plans e actuacións específicos que realizará a Administración competente, en cada caso, durante o período previsto.

b) Os tipos de zonas rurais a que lles sexan de aplicación, en cada caso, as medidas previstas.

c) As condicións que deberán reunir, se é o caso, os beneficiarios das medidas.

d) Os criterios e instrumentos de financiamento e orzamento, previstos para a súa execución e os indicadores axeitados para a súa avaliación.

Artigo 7. Atención social prioritaria.

O Programa de desenvolvemento rural sustentable incluírá medidas destinadas a satisfacer necesidades e demandas sociais de grupos de poboación que requiran unha atención prioritaria, en particular, as mulleres, a mocidade, os maiores e as persoas con discapacidade.

Artigo 8. Igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

As medidas contidas no Programa de desenvolvemento rural sustentable deberán respectar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no medio rural. Así mesmo, poderanse prever medidas de acción positiva en favor das mulleres no medio rural, encamiñadas a superar e evitar situacións de discriminación de feito por razón de sexo.

CAPÍTULO II

Ámbito territorial de aplicación**Artigo 9. Zonas rurais.**

O Programa de desenvolvemento rural sustentable será de aplicación nos termos municipais do medio rural que estean integrados nas zonas rurais delimitadas e cualificadas como tales, de acordo co previsto no artigo seguinte.

Artigo 10. Delimitación e cualificación de zonas rurais.

1. Para a aplicación do Programa de desenvolvemento rural sustentable, as comunidades autónomas levarán a cabo a delimitación e cualificación das zonas rurais definidas no artigo 3b) no seu respectivo territorio, de acordo cos seguintes tipos:

a) Zonas rurais que se van revitalizar: aquelas con escasa densidade de poboación, elevada significación da actividade agraria, baixos niveis de renda e un importante illamento xeográfico ou dificultades de vertebración territorial.

b) Zonas rurais intermedias: aquelas de baixa ou media densidade de poboación, cun emprego diversificado entre o sector primario, secundario e terciario, baixos ou medios niveis de renda e distantes da área directa de influencia dos grandes núcleos urbanos.

c) Zonas rurais periurbanas: aquelas de poboación crecente, con predominio do emprego no sector terciario, niveis medios ou altos de renda e situadas no ámbito das áreas urbanas ou áreas densamente poboadas.

2. As zonas rurais da letra a) do número anterior, así como as áreas integradas na Rede Natura 2000 e os municipios rurais de pequeno tamaño das letras b) e c) do devandito número terán a consideración de zonas rurais prioritarias para os efectos da aplicación do programa.

3. Excepcionalmente, na delimitación poderanse incluír municipios que non reúnan algunha das condicións previstas no artigo 3 a) desta lei cando a homoxeneidade e funcionalidade da zona así o esixan.

4. Co fin de promover unha aplicación equilibrada desta lei e os seus instrumentos de desenvolvemento, o Consello para o Medio Rural adoptará criterios comúns para a cualificación das zonas rurais prevista no número 1 deste artigo.

CAPÍTULO III

Cooperación entre administracións públicas**Artigo 11. Convenios de colaboración.**

1. A concertación entre a Administración xeral do Estado e cada unha das administracións das comunidades autónomas, no marco do Programa de desenvolvemento rural sustentable, levarase a cabo mediante os correspondentes convenios de colaboración, que recollerán os plans e actuacións que se realizarán conxuntamente durante o período de aplicación correspondente.

2. Os convenios de colaboración a que se refire o número anterior conterán, en todo caso, para cada un dos plans e actuacións que sexan obxecto de acordo, os extremos a que se refire o artigo 6 desta lei.

Artigo 12. Directrices estratéxicas territoriais de ordenación rural.

1. Co obxecto de contribuír á ordenación do medio rural, as comunidades autónomas adoptarán directrices estratéxicas territoriais de ordenación rural.

2. Estas directrices orientarán e, se é o caso, condicionarán a localización territorial das medidas derivadas do programa, favorecendo a compatibilidade dos plans e actuacións que se leven a cabo en cada zona rural en función das súas características e potencialidades.

3. As directrices terán en conta, en todo caso, o establecido no Plan estratéxico nacional do patrimonio natural e a biodiversidade, nos plans de ordenación dos recursos naturais e no Plan nacional de calidade ambiental agrícola e gandeira a que se refire o artigo 19 de lei.

Artigo 13. Plan por zona rural.

Co obxecto de garantir a complementariedade e coherencia das medidas derivadas do Programa de desenvolvemento rural sustentable, promovendo estratexias de desenvolvemento rural por zonas, elaborárase un plan por zona rural, que deberá ser aprobado polas comunidades autónomas, que recolla as actuacións que as administracións competentes en cada caso deban levar a cabo na dita zona.

CAPÍTULO IV

Seguimento e avaliación

Artigo 14. Seguimento interno.

Regulamentariamente, logo de informe de Consello para o Medio Rural e da Mesa de Asociacións de Desenvolvemento Rural, estableceranse as formas de seguimento do cumprimento e avaliación do Programa de desenvolvemento rural sustentable, garantíndose, en todo caso, a participación das comunidades autónomas implicadas, a quen corresponderá a súa execución se así o prevén os seus estatutos de autonomía. En calquera caso, a avaliación incluírá os indicadores definidos no Programa de desenvolvemento rural sustentable.

Artigo 15. Seguimento externo.

O Goberno remitirá ao Senado un informe bienal sobre o cumprimento do Programa de desenvolvemento rural sustentable.

CAPÍTULO V

Accións xerais para o desenvolvemento rural sustentable

Artigo 16. Apoio á agricultura territorial.

1. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán o mantemento e a mellora dunha actividade agrícola, gandeira e forestal suficiente e compatible cun desenvolvemento sustentable do medio rural, en particular nas zonas rurais prioritarias ou cualificadas como de agricultura de montaña, mediante:

a) A prestación dunha atención preferente aos profesionais da agricultura, e deles prioritariamente aos que sexan titulares dunha explotación territorial. Esta preferencia aplicarase, en particular, na asignación de dereitos de produción ou de pagamento único da reserva nacional ou derivados doutros fondos ou normas comunitarias ou

nacionais, e na percepción de incentivos para a reestruturación sectorial da Política Agraria Común.

b) A aplicación das medidas dos regulamentos comunitarios relativos á axuda ao desenvolvemento rural, con carácter prioritario, aos profesionais da agricultura titulares de explotacións territoriais.

A aplicación prioritaria destas medidas estenderase aos profesionais da agricultura titulares de explotacións cualificadas como ecolóxicas.

Estas medidas aplicarase cos niveis de apoio máximos posibles, cando o beneficiario sexa unha muller ou un agricultor mozo, titular ou cotitular dunha explotación, os profesionais da agricultura, persoas físicas que obteñan polo menos o 50 por cento da súa renda de actividades agrarias, ou cando se trate de cooperativas e sociedades agrarias de transformación de explotación comunitaria da terra ou gando.

2. Para contribuír ao logro dos fins sinalados no número anterior, regularase e fomentárase a subscrición de contratos territoriais de zona rural.

O contrato territorial é o instrumento que establece o conxunto de compromisos que se subscribirán entre as administracións públicas e os titulares das explotacións agrarias que orienten e incentiven a súa actividade en beneficio dun desenvolvemento sustentable do medio rural.

A subscrición destes contratos será requisito necesario para se beneficiar das prioridades sinaladas no número anterior, e as súas determinacións axustarase ás directrices estratéxicas territoriais de ordenación rural. O resto dos seus requisitos, condicións e efectos determinaranse regulamentariamente.

3. Para os efectos do previsto neste artigo, enténdese por profesional da agricultura a persoa física titular dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal, que requira un volume de emprego de, polo menos, unha unidade de traballo anual e que obteña, polo menos, o 25 por cento da súa renda de actividades agrarias.

Así mesmo, considerarase explotación territorial a explotación agrícola, gandeira ou forestal que posúa unha dimensión económica inferior a 40 unidades de dimensión económica europea cando a titularidade corresponda a unha persoa física, e se atope localizada nunha zona rural prioritaria ou nunha zona cualificada como de agricultura de montaña.

4. Tamén terán a consideración de profesionais da agricultura as entidades asociativas agrarias titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais, que requiran un volume de emprego de, polo menos, unha unidade de traballo anual. Estas explotacións terán a consideración de explotación territorial cando a súa dimensión económica sexa inferior ás unidades de dimensión económica europea establecidas para o titular persoa física no punto anterior, incrementadas en función do número de socios que reúnan a condición de profesional da agricultura.

Artigo 17. Fomento da actividade económica no medio rural.

1. O Sistema Nacional de Incentivos Económicos Rexionais dará un tratamento preferente aos proxectos que, cumprindo os requisitos aplicables segundo a normativa vixente, se desenvolvan nas zonas rurais consideradas prioritarias.

2. Os plans nacionais de fomento empresarial incluírán unha atención diferenciada para as zonas rurais prioritarias e para as iniciativas emprendidas por mulleres ou mozos, por traballadores autónomos, polas unidades produtivas formadas por pequenas e medianas empresas ou por cooperativas.

Artigo 18. Infraestruturas de interese xeral.

1. O Goberno incluíra no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano, logo de informe de comunidade autónoma en cuxo territorio se deba realizar a infraestrutura, a declaración de interese xeral das obras de infraestrutura, en particular en materia de transporte, enerxía, auga, tratamento de residuos e telecomunicacións, que se consideren necesarias para a realización das medidas reguladas neste título, e cuxa execución compete á Administración xeral do Estado.

2. A aprobación dos proxectos correspondentes ás obras a que se refire o punto anterior levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos, co fin de expropiación forzosa e ocupación temporal, de acordo co previsto na lexislación correspondente.

Artigo 19. Planificación ambiental.

1. De acordo co establecido na lexislación correspondente, o Goberno, en colaboración coa comunidade autónoma, e logo de consulta ás organizacións profesionais agrarias máis representativas, aprobará o Plan estratéxico nacional do patrimonio natural e da biodiversidade e xeodiversidade, que incluíra previsións de actuación en materia de protección de solos e acuíferos, proxección da paisaxe, loita contra a desertización, reforestación, restauración hidrolóxico-forestal, prevención de riscos naturais, prevención contra incendios e recuperación da cuberta vexetal, con especial detalle para a protección contra incendios dos núcleos de poboación do medio rural e dos espazos naturais protexidos. Así mesmo, consideraranse, especificamente, as actuacións ligadas ao mantemento e á protección das paisaxes protexidas e de interese do medio rural e as áreas de montaña. Inclúranse iniciativas para o coñecemento, protección e uso sustentable do patrimonio xeolóxico, mineiro e biolóxico como recurso científico, cultural e turístico.

2. Nos termos establecidos na lexislación vixente, as comunidades autónomas aprobarán plans e instrumentos de xestión necesarios para a área incluída na Rede Natura 2000 de cada unha das zonas rurais cualificadas e delimitadas como tales de acordo co previsto neste título.

3. O Goberno, por proposta dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, e logo de consulta ás organizacións profesionais agrarias máis representativas, aprobará un Plan nacional de calidade ambiental agrícola e gandeira que incluíra subprogramas relativos á redución, reutilización e xestión sustentable de residuos agrarios e gandeiros, agricultura e gandaría ecolóxicas, e á redución e uso sustentable de fertilizantes e praguicidas agrícolas. O dito plan incluíra un tratamento e medidas especiais para as explotacións incluídas na Rede Natura 2000 e para as que poden contribuir, a través dun uso máis responsable destas substancias, á redución da contaminación difusa dos acuíferos e as augas superficiais e costeiras.

CAPÍTULO VI**Medidas para o desenvolvemento rural sustentable****Artigo 20. Diversificación económica.**

Para incentivar a diversificación económica no medio rural, o programa poderá incluír medidas que teñan por obxecto:

a) Fomentar novas actividades de alto valor engadido, así como os procesos de integración vertical na

cadea alimentaria, para garantir a consolidación do sector agroalimentario, silvícola e o derivado da caza e pesca nas zonas rurais, e a aplicación de medidas de identificación dos produtos agroalimentarios coas diversas zonas rurais.

b) Potenciar a seguranza alimentaria, mediante o reforzamento dos sistemas de control e seguimento das producións nos diversos sectores do sistema agroindustrial, e as medidas para mellorar os instrumentos privados de rastrexabilidade dos alimentos mediante a introdución de referencias territoriais de procedencia.

c) Establecer programas operativos específicos na programación das actuacións cofinanciadas por fondos procedentes da Unión Europea, atendendo preferentemente ás zonas rurais prioritarias.

d) Apoiar o sector do comercio no medio rural e a modernización dos equipamentos públicos comerciais, prestando unha atención especial ás zonas rurais prioritarias.

e) Fomentar o turismo rural, en particular a través dunha adecuada ordenación da oferta e a mellora da demanda turística, cunha atención preferente ao fomento dun turismo sustentable nas zonas rurais prioritarias, e ao agroturismo ou turismo ligado á actividade agraria.

f) Establecer programas específicos de apoio ás iniciativas locais de desenvolvemento rural, segundo o enfoque LEADER da Unión Europea, para toda zona rural e preferentemente para as zonas rurais prioritarias, que consideren como beneficiarios prioritarios as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade, os profesionais da agricultura, as cooperativas e as entidades asociativas agrarias.

g) Propoñer os recursos xeolóxicos que existen no contorno rural e que poden ser utilizados para un desenvolvemento sustentable, dando prioridade á conservación do ambiente, da paisaxe e do patrimonio natural e cultural.

Artigo 21. Conservación da natureza e xestión dos recursos naturais.

Co fin de preservar e mellorar a calidade do medio rural e, en especial, da Rede Natura 2000, dos espazos naturais protexidos, os hábitats e as especies ameazadas, o programa poderá prever medidas para:

a) A conservación e restauración dos hábitats e especies ameazadas e prioritarias presentes de forma natural nas zonas rurais prioritarias.

b) A xestión sustentable dos recursos naturais, especialmente a auga, o solo, as masas forestais, os espazos naturais, a fauna cinexética e os recursos de pesca continental.

c) O apoio aos programas de uso público dos espazos naturais protexidos e da Rede Natura 2000.

d) A educación ambiental e concienciación pública sobre os valores naturais das zonas rurais cualificadas.

Artigo 22. Creación e mantemento do emprego.

Co fin de impulsar a creación e o mantemento do emprego no medio rural, en especial para mulleres, mozos e persoas con discapacidade, e preferentemente nas zonas rurais prioritarias, o programa poderá prever medidas para:

a) O apoio á creación de empresas, ao autoemprego e ao emprego en cooperativas, singularmente nos sectores de actividade económica relacionados co uso de novas tecnoloxías e con prácticas innovadoras en materia ambiental.

b) O mantemento de postos de traballo en sectores produtivos especialmente significativos no medio rural e a creación de empregos en sectores emerxentes.

c) O fomento de políticas activas para reducir a temporalidade do emprego no medio rural. Os contratos territoriais de zona rural especificarán plans de mellora no relativo a condicións de traballo, estabilidade no emprego e prevención de riscos laborais.

d) A realización de programas de formación profesional para desempregados e programas mixtos de emprego e formación, especialmente en servizos de proximidade e de atención a persoas dependentes.

e) A formación profesional de traballadores ocupados, de formación en capacidades empresariais e xerenciais, así como a capacitación en novas actividades e tecnoloxías.

f) O deseño de actividades para informar e formar os habitantes do medio rural sobre a potencialidade de uso do seu patrimonio natural e cultural, propoñendo iniciativas que faciliten a súa implicación no turismo xeolóxico, ecolóxico, mineiro e outros aproveitamentos culturais.

Artigo 23. *Infraestruturas, equipamentos e servizos básicos.*

No ámbito das infraestruturas locais e os equipamentos e servizos básicos, o Programa de desenvolvemento rural sustentable poderá establecer medidas orientadas a:

a) Mellorar a oferta de servizos de transporte público no medio rural, para permitir o acceso da poboación rural aos servizos básicos en condicións de igualdade, e para facilitar-lles o acceso aos ditos servizos aos colectivos sociais que por idade, discapacidade ou condicións físicas o necesiten.

b) Procurar a conectividade dos núcleos de poboación do medio rural entre si e coas áreas urbanas, mediante a coordinación das súas respectivas planificacións e dotacións de infraestruturas de transporte, e a mellora da rede viaria rural, co obxecto de garantir unhas condicións de utilización e seguranza axeitadas, respectando a integridade e calidade da paisaxe rural e evitando a fragmentación territorial.

c) Potenciar un abastecemento enerxético sustentable, estable e de calidade no medio rural, promovendo por parte das administracións públicas e as empresas privadas, programas de extensión dunha rede de enerxías renovables de baixo impacto ambiental e plans específicos de actuacións destinadas á mellora da eficiencia enerxética, o aforro de enerxía e a mellora do servizo eléctrico ao usuario. De igual forma, con respecto ás infraestruturas existentes, realizaranse as correccións oportunas para diminuír a afección sobre a fauna.

d) Implantar servizos mancomunados ou por zona rural de recollida selectiva de residuos, a súa xestión ambiental, especialmente e por esta orde a súa redución, reutilización e reciclaxe, co fin de mellorar a protección da saúde das persoas e minimizar o seu impacto ambiental.

e) Apoiar a dotación dos servizos públicos municipais de prestación obrigatoria nos núcleos urbanos do medio rural, o seu mantemento e mellora, singularmente nas zonas rurais prioritarias, no marco da normativa reguladora da Administración local. Favorecerase especificamente a prestación coordinada de servizos públicos entre municipios próximos.

Artigo 24. *Enerxías renovables.*

Co obxecto de potenciar o desenvolvemento e implantación das enerxías renovables, o programa poderá incluír medidas que teñan por finalidade:

a) A produción de enerxía a partir da biomasa e dos biocombustibles, incentivando os cultivos agrícolas ener-

xéticos que cumpran con criterios de sustentabilidade e a prevención, a reutilización e a reciclaxe, por esta orde de prioridade, dos residuos, favorecendo a valorización enerxética para os non reutilizables nin reciclables.

b) O aproveitamento enerxético dos residuos agrícolas, gandeiros e forestais no medio rural, potenciando a rexeneración e limpeza de montes, así como a actividade do pastoreo, naquelas zonas con maior grao de abandono ou risco de incendios.

c) A produción de enerxía a partir da biomasa, en particular a procedente de operacións de prevención de incendios e de plans de xestión forestal sustentable, e a procedente de residuos forestais, agrícolas e gandeiros.

d) A produción de enerxía a partir de biocombustibles, sempre e cando se trate de cultivos agrícolas enerxéticos adaptados ás circunstancias locais e compatibles coa conservación da biodiversidade.

e) A produción de enerxía eólica e solar, en particular, e os sistemas ou proxectos tecnolóxicos de implantación de enerxías renovables para uso colectivo ou particular térmico ou eléctrico e de redución do uso de enerxías non renovables.

f) A substitución do consumo público e privado de enerxías non renovables, o mantemento e aumento das prestacións da cuberta vexetal como sumidoiro de CO₂, a redución das emisións de dióxido de carbono e outros gases de efecto invernadoiro, e a adaptación das actividades e os usos dos habitantes do medio rural ás novas condicións ambientais derivadas do cambio climático.

Artigo 25. *Auga.*

Para o fomento da eficiencia, o aforro e o bo uso dos recursos hídricos no medio rural, no marco da planificación hidráulica correspondente, o programa poderá conter medidas orientadas a:

a) Á implantación e execución de plans de xestión integral de recursos hídricos por zonas rurais ou mancomunidades de municipios, que prevegan a xestión conxunta do ciclo integral da auga, as medidas necesarias para as situacións de escaseza e seca e as accións de protección contra posibles avenidas e inundacións.

Estes plans constituirán un límite para as actuacións de urbanización no medio rural e deberán ser tidos en conta nos programas de mellora e modernización de regadíos.

b) Ao uso eficaz e eficiente da auga para regadíos, concedendo prioridade ás actuacións de modernización ligadas ao aforro de auga, á eficiencia no uso enerxético e ao emprego de enerxías renovables.

c) Ao aproveitamento para rega das augas rexeradas e utilización de augas procedentes da desalinización de augas salobres e mariñas.

d) Á adecuación das infraestruturas de abastecemento e saneamento da auga ás necesidades existentes no medio rural e, en particular, nas áreas integradas na Rede Natura 2000.

e) Á redución e prevención da contaminación difusa das augas subterráneas e superficiais.

f) Á protección e recuperación do dominio público hidráulico.

g) Á restauración hidrolóxico-forestal.

h) Ao cumprimento dos caudais ecolóxicos e á recuperación dos acuíferos sobreexplotados.

i) Ao cumprimento dos obxectivos de estado de auga establecidos polos plans de bacía da Directiva Marco da Auga.

j) Ao establecemento de axudas económicas para a retirada de regadíos ou á redución da dotación de rega naquelas zonas con escaseza de auga e valores ambientais asociados aos cultivos de secaño.

Artigo 26. *Tecnoloxías da información e da comunicación.*

Para potenciar a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación no medio rural, o programa poderá prever medidas destinadas a:

a) Mellorar a extensión e calidade da cobertura das telecomunicacións no medio rural, particularmente polo que se refire ao acceso ás novas tecnoloxías da información e a comunicación, en telefonía móbil automática, en tecnoloxías de banda larga e en televisión dixital terrestre, entre outras vías, promovendo acordos de actuación coas sociedades privadas concesionarias da prestación destes servizos.

b) Fomentar a formación e o uso por parte da poboación do medio rural, en particular por parte dos maiores, as mulleres e as persoas con discapacidade, de tecnoloxías da información e a comunicación.

c) Promover a formación, investigación e innovación tecnolóxica nos diversos sectores de actividade económica no medio rural, e a creación de redes de innovación nas zonas rurais.

Artigo 27. *Seguranza cidadá.*

Co fin de incrementar a seguranza dos cidadáns no medio rural, o Programa poderá prever medidas para:

a) Promover plans de acción concertada para garantir o libre exercicio dos dereitos e liberdades e a seguranza cidadá referidos especificamente ao ámbito rural, facilitando a cooperación da Garda Civil cos corpos de Policía Local, e destes entre si.

b) Mellorar a presenza das Forzas e Corpos de Seguranza para manter un adecuado nivel de seguranza da poboación nas zonas rurais.

c) Executar un plan integral destinado á construción, rehabilitación e ampliación de cuarteis da Garda Civil, tendo en conta a poboación a que presta servizo no medio rural.

d) Potenciar os sistemas de información e comunicacións da Garda Civil destinados á xestión operativa para mellorar o nivel de servizos que se presta aos cidadáns no ámbito rural.

e) Incrementar as actuacións de protección do ambiente rural, reforzando as intervencións do Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil e fomentando os instrumentos de colaboración entre as diferentes administracións públicas competentes.

f) Promover o desenvolvemento de plans de prevención e protección contra a violencia de xénero e o maltrato ás mulleres no medio rural.

Artigo 28. *Educación.*

Para intensificar a prestación dunha educación pública de calidade, o programa poderá incluír medidas que teñan por obxecto:

a) O mantemento dunha adecuada escolarización nos municipios rurais, mediante programas de extensión da escolarización infantil, de mellora dos resultados educativos do ensino obrigatorio, e de fomento do acceso a niveis educativos superiores, prestándolles unha atención preferente aos alumnos de zonas rurais prioritarias e aos inmigrantes.

Atención á diversidade do alumnado e, en particular, aos alumnos con necesidades educativas especiais e con discapacidade.

b) A mellora e ampliación do equipamento dos centros públicos educativos, para atender adecuadamente os alumnos do ensino regrado, especialmente nos municipios rurais de pequeno tamaño, e facilitar a súa utilización

para actividades culturais, educativas e sociais polo conxunto da poboación.

c) A potenciación da formación profesional dos mozos e as mulleres, mediante programas adecuados de formación regrada complementados con formación ocupacional, especialmente en novas tecnoloxías e en técnicas de emprego deslocalizado, e con prácticas incentivadas en empresas do medio rural.

d) O fomento da práctica deportiva, mellorando as infraestruturas deportivas, especialmente nas zonas rurais prioritarias, ordenando os espazos de actividade deportiva no medio natural e favorecendo a integración destas actividades co turismo rural.

Artigo 29. *Cultura.*

Co obxectivo de permitir o mantemento dunha oferta cultural estable e próxima no medio rural, o programa poderá conter medidas que teñan por obxecto:

a) Crear redes de espazos culturais que, reutilizando o patrimonio arquitectónico existente, garantan a infraestrutura para o seu desenvolvemento coa maior polivalencia posible, a dimensión adecuada para garantir o seu sostemento e a súa accesibilidade.

b) Impulsar plans de actividades culturais por zona rural, favorecendo a participación e a iniciativa de todo tipo de entidades privadas.

c) Dotar os municipios rurais de bibliotecas públicas.

d) Protexer o patrimonio histórico-artístico situado nos municipios rurais e fomentar o seu mantemento e restauración axeitados.

Artigo 30. *Sanidade.*

Para facilitar o acceso da poboación rural a uns servizos públicos sanitarios de calidade, o programa poderá establecer medidas que persigan:

a) A mellora da sanidade, en particular da atención primaria, singularmente nas zonas rurais prioritarias, que permita asegurar uns servizos sanitarios básicos de proximidade en cada zona rural.

a) A posta á disposición dos profesionais do Sistema Nacional de Saúde, que exercen no medio rural, das máis modernas tecnoloxías e medios e, en particular, da telemedicina.

b) A mellora do acceso dos cidadáns que residen no medio rural a unha atención sanitaria especializada de calidade, prestando unha atención singular ás urxencias médicas.

Artigo 31. *Emprego público.*

Co obxecto de propiciar a súa estabilidade no medio rural, o programa poderá establecer, mediante incentivos administrativos, profesionais ou económicos, medidas específicas de apoio para os empregados públicos que realicen a súa actividade profesional e residan no medio rural, singularmente nas zonas rurais prioritarias. Estas medidas aplicaranse con carácter preferente aos empregados públicos docentes e sanitarios.

Artigo 32. *Protección social.*

Co obxecto de mellorar a protección social dos cidadáns que residen no medio rural, o programa poderá conter medidas que teñan como obxecto:

a) Facer efectivo o acceso ás prestacións e servizos sociais en condicións de equidade, en particular aos beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á

Dependencia, de acordo coas condicións particulares do medio rural.

b) Fomentar a integración dos inmigrantes que residan legalmente no medio rural, facilitando a formación laboral, a creación de establecementos de acollida temporal, o acceso á vivenda, á atención sanitaria e á educación, especialmente en relación coa aprendizaxe do idioma ou linguas oficiais, a escolarización e a formación profesional.

c) Apoiar e asesorar a muller rural e os mozos, e facilitar a súa inserción laboral.

d) Potenciar o desenvolvemento de programas de servizos sociais polas diversas entidades supramunicipais.

e) Mellorar as condicións laborais, especialmente en relación coa prevención de riscos laborais.

Artigo 33. *Urbanismo e vivenda.*

Co fin de perseguir un desenvolvemento urbanístico do medio rural adaptado ás súas necesidades, o programa poderá prever medidas dirixidas a:

a) Facer compatible o desenvolvemento urbanístico co mantemento do ambiente, limitando o desenvolvemento urbanístico á dispoñibilidade de auga para abastecemento e a unha ordenación territorial previa, prestando unha atención especial aos municipios que se encontran localizados dentro da área delimitada pola Rede Natura 2000 e, en xeral, aos municipios rurais de pequeno tamaño.

b) Facilitar o acceso á vivenda dos cidadáns do medio rural, adaptando os réximes de protección pública ás singularidades do dito medio e concedendo unha atención específica aos mozos, ás mulleres e ás persoas con discapacidade.

c) Fomentar a reutilización de vivendas xa existentes, a rehabilitación de vivendas e edificios, a preservación da arquitectura rural tradicional, e a declaración de áreas de rehabilitación dos municipios rurais, para os efectos das axudas públicas que se determinen, co obxecto de recuperar e conservar o patrimonio arquitectónico rural.

d) Desincentivar o urbanismo disperso, particularmente nas zonas rurais periurbanas.

TÍTULO II

Financiamento das medidas para o desenvolvemento rural sustentable

Artigo 34. *Criterio xeral.*

1. As medidas de desenvolvemento rural consideradas nesta lei serán financiadas pola Administración xeral do Estado e polas demais administracións públicas participantes con cargo aos seus respectivos orzamentos, de acordo, se é o caso, cos convenios de colaboración previstos no artigo 11 desta lei.

2. A aplicación de fondos europeos ao financiamento do programa quedará condicionada ao necesario respecto das normas comunitarias que os regulan.

Artigo 35. *Cofinanciamento estatal.*

1. As medidas concertadas, incluídas no Programa de desenvolvemento rural sustentable, serán cofinanciadas polas administracións concorrentes e, se é o caso, polos beneficiarios directos.

2. A Administración do Estado establecerá o marco normativo das axudas estatais, regulando o seu destino,

os beneficiarios e as condicións esenciais de outorgamento. As comunidades autónomas poderán, en relación ás devanditas axudas estatais, fixar obxectivos concretos, regular as condicións de outorgamento dentro do marco normativo estatal, así como a súa xestión e o procedemento de concesión correspondente.

3. O financiamento estatal fixarase nunha contía determinada ou en forma de porcentaxe do custo total, en función do tipo de medida que se vai financiar.

Artigo 36. *Previsións orzamentarias.*

1. Os orzamentos xerais do Estado conterán os créditos destinados polo Estado á realización das actuacións específicas de desenvolvemento rural, especificados nun programa orzamentario, que identifique os correspondentes ás actuacións incluídas no Programa de desenvolvemento rural sustentable. O programa orzamentario especificará tamén os créditos destinados ao cofinanciamento estatal de actuacións concertadas con outras administracións previstas no dito programa.

2. Cando o Programa de desenvolvemento rural sustentable conteña actuacións de natureza sectorial incluídas noutros programas orzamentarios, farase constar neles esta circunstancia e identificaranse, como orientados ao desenvolvemento rural, os créditos previstos para gastos e proxectos de investimento relativos a estas actuacións así como, se é o caso, os créditos destinados ao cofinanciamento estatal de actuacións sectoriais concertadas.

Artigo 37. *Memoria económica.*

O Programa de desenvolvemento rural sustentable deberá ir acompañado dunha memoria económica do seu custo que recolla de xeito diferenciado o financiamento correspondente ás actuacións estatais e a previsión de cofinanciamento das concertadas que formen parte do programa.

TÍTULO III

Disposicións organizativas

Artigo 38. *Comisión Interministerial para o Medio Rural.*

A Comisión Interministerial para o Medio Rural é o órgano colexiado responsable de dirixir e coordinar a acción dos distintos departamentos ministeriais en relación co medio rural e, en particular, as medidas de desenvolvemento rural reguladas nesta lei.

A súa composición e funcionamento determinaranse regulamentariamente.

Artigo 39. *Consello para o Medio Rural.*

1. Créase o Consello para o Medio Rural, como órgano de coordinación e cooperación entre as administracións públicas, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.

2. A composición e funcións do consello estableceranse regulamentariamente, en colaboración coas comunidades autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias, en canto asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación.

O consello estará constituído por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais.

3. Sen prexuízo das competencias de cada unha das administracións públicas, correspóndenlle ao consello,

ademais das funcións atribuídas expresamente por esta lei, o exercicio das seguintes:

a) Avaliar a posta en práctica do Programa de desenvolvemento rural sustentable, tendo en consideración, entre outros aspectos, a evolución dos indicadores definidos no dito programa.

b) Examinar os problemas do medio rural e cantas medidas se poidan adoptar para resolvelos.

c) Acordar a realización de programas conxuntos de actuación entre as administracións públicas orientados á consecución dos obxectivos establecidos no artigo 2 desta lei, nos termos previstos no artigo 7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 40. *Mesa de Asociacións de Desenvolvemento Rural.*

Créase a Mesa de Asociacións de Desenvolvemento Rural como órgano de participación, información e consulta das entidades asociativas relacionadas co medio rural de ámbito estatal.

A súa composición determinarase regulamentariamente, garantíndose, en todo caso, a participación das organizacións profesionais, empresariais, ecoloxistas e sindicais máis representativas, vinculadas co medio rural con implantación en todo o territorio do Estado, así como de representantes das redes de desenvolvemento rural.

Disposición adicional única. *Réxime aplicable aos sistemas de concerto e convenio.*

En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco e á Comunidade Foral de Navarra do previsto nesta lei realizarase de acordo co sistema de concerto e convenio, respectivamente.

Disposición transitoria única. *Dotación orzamentaria inicial.*

Ata que se aprobe inicialmente o Programa de desenvolvemento rural sustentable, conforme as previsións contidas no artigo 6 desta lei, o programa orzamentario de desenvolvemento rural poderá dotar de forma agregada os créditos que conteña para a execución daquel, sen prexuízo da súa posterior especificación e asignación conforme resulte do programa aprobado.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.*

O número 5 do artigo 2, primeiro parágrafo, queda como segue:

«5. Agricultor profesional, a persoa física titular dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal, que requira un volume de emprego de, polo menos, unha unidade de traballo anual e que obteña, polo menos, o 25 por cento da súa renda de actividades agrarias.»

Disposición derradeira segunda. *Primeiro programa de desenvolvemento rural sustentable.*

A constitución e posta en funcionamento do Consello para o Medio Rural terá lugar no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

No prazo máximo de tres meses desde a constitución do Consello para o Medio Rural, o Goberno aprobará o primeiro Programa de desenvolvemento rural sustenta-

ble, que abranguerá o período dos cinco anos naturais seguintes.

Unha vez constituído o Consello para o Medio Rural, e con suficiente antelación á aprobación do primeiro Programa de desenvolvemento rural sustentable, deberá quedar constituída a Mesa de Asociacións de Desenvolvemento Rural.

Disposición derradeira terceira. *Plan estratéxico nacional do patrimonio natural e da biodiversidade e Plan nacional de calidade ambiental agrícola e gandeira.*

1. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, serán aprobados o Plan estratéxico nacional do patrimonio natural e da biodiversidade e o Plan nacional de calidade ambiental agrícola e gandeira previstos nos números 1 e 3 do artigo 19 desta lei.

2. Na elaboración do subprograma de residuos agrarios teranse en conta os plans de residuos xa elaborados que incidan nos residuos agrarios ou xerados no medio rural, en particular, o Plan nacional integrado de residuos 2007-2015.

Disposición derradeira cuarta. *Titularidade compartida.*

En virtude do disposto no artigo 30.1 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o Goberno promoverá e desenvolverá o réxime de cotitularidade de bens, dereitos e obrigas no sector agrario e a correspondente protección da Seguridade Social.

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Os artigos 19 e 31 teñen carácter básico, de acordo co disposto nas regras 23.^a e 18.^a do artigo 149.1 da Constitución, respectivamente. O artigo 18 dítase ao abeiro da regra 24.^a do artigo 149.1 da Constitución que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de obras públicas de interese xeral. O artigo 27 dítase ao abeiro do disposto na regra 29.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de seguranza pública. O resto dos preceptos desta lei dítanse ao abeiro do disposto na norma 13.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúe ao Estado as competencias sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación normativa.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei nas materias que son competencia do Estado

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO